



SEXTA CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

*A integración do sistema universitario español no Espazo Europeo de Educación Superior require propostas concretas que desenvolvan os distintos elementos conceptuais definidos na lexislación vixente. A Universidade de Santiago de Compostela, consciente da importancia deste novo contexto, da necesidade de desenvolver estratexias innovadoras de mellora na calidade docente e de integrar as tecnoloxías nos usos educativos, fai pública a “**Sexta Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa**”.*

1. OBXECTIVOS

Esta Convocatoria impulsará a posta en marcha de proxectos orientados á mellora da calidade da docencia por medio da integración das tecnoloxías, canalizando aquelas iniciativas do profesorado que fomenten a innovación nos métodos docentes, que promovan propostas didácticas centradas na aprendizaxe autónoma do alumno, converxentes coa concepción da ensinanza universitaria que adopta o Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS), así como a creación de materiais didácticos que fagan uso das tecnoloxías da información e a comunicación. Os proxectos que se presenten deben ser orixinais e non ter recibido financiamento da USC en convocatorias anteriores.

Os proxectos deben ir dirixidos a desenvolver experiencias de formación baseadas na web empregando os recursos do Campus Virtual da USC en dúas liñas de actuación diferentes:

- a) Formación regrada: primeiro, segundo ciclo e materias de nivelación.

As accións neste ámbito buscarán unha mellor integración das tecnoloxías da información e a comunicación como soporte á docencia presencial, potenciando a autoaprendizaxe e o traballo colaborativo do alumno, así como o labor titorial do profesor diminuindo as barreiras espazo-temporais entre o alumno e o profesor.

Consideraranse accións prioritarias nesta liña de actuación, os proxectos que impliquen o desenvolvemento de materias de nivelación e de libre configuración totalmente virtuais e os cursos virtuais de habilidades curriculares básicas. Así como os proxectos que abranguen as materias troncais das titulacións.

b) Formación regrada: Terceiro Ciclo e Programas Oficiais de Posgrao

Neste ámbito, a finalidade das accións será a planificación e o desenvolvemento dun programa de doutorado, promovendo a innovación e a calidade nos métodos docentes con apoio das tecnoloxías da información e a comunicación.

Nesta segunda liña de actuación consideraranse prioritarios os proxectos nos que os programas de terceiro ciclo sexan totalmente virtuais ou polo menos un 50% virtuais.

O resultado final dos proxectos deberá ser a produción dos materiais, e os procedementos necesarios para que os alumnos de terceiro ciclo e das materias regradas poidan realizar e verificar a súa aprendizaxe de xeito autónomo a través do *Campus Virtual da USC*.

2. DESTINATARIOS

Poderán presentar Proxectos de Innovación Educativa profesores individuais ou grupos de profesores da USC. Cando se trate dun grupo de profesores deberá existir un coordinador responsable do proxecto, que debe ser un profesor a tempo completo. En todo caso, entenderase que os profesores solicitantes contan con plena capacidade docente nas materias ás que afecta o proxecto, que gozan de autonomía e, no seu caso, da autorización do Departamento ou Centro para levalo a cabo. Os proxectos terán que involucrar a todos os profesores da materia. Tamén poderá solicitar a súa participación un Departamento, Facultade ou Escola, cando a índole do proxecto así o aconselle.

Nesta convocatoria consideraranse prioritarios os proxectos presentados por un curso dunha titulación, así como aqueles que sexan converxentes coa concepción da ensinanza universitaria que adopta o Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS).

3. CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A selección dos proxectos realizarase conforme ás bases desta Convocatoria, tendo en conta os seguintes criterios:

Criterios Excluíntes:

- non cumprimento dos requisitos formais.
- Que a temática non estea en consonancia coas bases desta Convocatoria e non se dirixa á mellora da calidade da docencia por medio das tecnoloxías.
- A non presentación do informe valorativo, da memoria económica ou do capítulo de resumo da experiencia dos proxectos subvencionados en convocatorias anteriores¹

¹ A efectos desta convocatoria, considerase que se ten obtido una subvención previa se alguna das materias vinculadas a proposta ten sido incluída en anos anteriores ou se, a lo menos, o 25% dos docentes asinantes do proxecto teñen participado en convocatorias anteriores.

- Que a materia/s incluídas no proxecto tiveran obtido axudas en máis de unha convocatorias previa

Criterios Valorativos:

- Que se ofrezan propostas metodolóxicas concretas que repercutan nunha maior motivación dos alumnos e favorezan a aprendizaxe autónoma e significativa.
- Que contemple no seu desenvolvemento a participación activa dos alumnos.
- Que redefinan e potencien o labor tutorial e o papel do profesor/a como orientador/a da aprendizaxe dos alumnos.
- Que se fomente o traballo colaborativo do profesorado.
- A amplitude do ámbito de aplicación e o carácter interdisciplinar do proxecto.
- Que potencie o emprego daqueles recursos didácticos (audiovisuais, simulacións, etc) que propicien unha ensinanza máis activa e motivadora.
- Que impliquen a implementación dos ECTS.
- Orixinalidade e viabilidade do proxecto.
- Coherencia do orzamento do proxecto.

4. SELECCIÓN, SEGUIMIENTO E APOIO TÉCNICO

As Vicerreitorías de Calidade e Planificación, de Profesorado e Organización Académica, de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior e de Coordinación do Campus de Lugo comprométese a realizar o seguimento de cada un dos proxectos seleccionados.

A tal fin, constituirase unha Comisión de Selección e Seguimento da Convocatoria, presidida polo **Vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior** e formada por un representante da dirección do CeTA, que actuará como secretario, a vicerreitora de Vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, ou persoa en que delegue, a Vicerreitora de Calidade e Planificación, ou persoa en que delegue, o Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo, ou persoa en que delegue, e tres docentes a tempo completo da USC que actuarán como vogais.

A función da Comisión de Selección e Seguimento da presente Convocatoria será regular todo o relativo á mesma, e en particular:

- Seleccionar os proxectos.
- Definir os medios técnicos necesarios para apoiar cada un dos proxectos seleccionados.
- Garantir o apoio ós profesores e ós servizos na utilización dos medios técnicos.

O Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA) será o servizo encargado de aportar apoio técnico para a produción do material, , tanto polo que se refire á plataforma tecnolóxica WebCT como a outras aplicacións informáticas necesarias para a produción dos materiais, e aloxamento dos materiais nos servidores de *Campus Virtual da USC*.

5. FINANCIAMENTO

A partida específica dos presupostos da USC destinada a financiar a “Quinta Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa” é de 45.000 euros.

Para contribuír a súa efectiva realización, os Centros e Departamentos poderán colaborar ao financiamento con fondos propios.

A cantidade máxima que se poderá solicitar por proxecto será de 2.000 euros na liña de actuación A e de 4.500 euros na liña de actuación B. As cantidades concedidas poderanse dedicar a material inventariable, material funxible ou bolsas.

6. BOLSAS DE COLABORACIÓN

Se o proxecto inclúe a creación dunha bolsa de colaboración, esta deberá axeitarse os seguintes criterios:

- O tempo de duración mínima da bolsa será de tres meses, e o máximo o da duración do proxecto a desenvolver.
- A contía económica das bolsas será de trescentos quince euros ao mes, cunha dedicación de quince horas á semana.
- Aquelas persoas que obteñan estas bolsas poderán participar nos cursos de formación do profesorado no emprego do Campus Virtual da USC sempre e cando queden prazas dispoñibles, sen ter dereito a acreditación.

7. MEMORIA

Os coordinadores responsables dos proxectos seleccionados deberán entregar, antes do remate do 25 de xullo de 2007, un informe valorativo do mesmo, no que se especifique o grao de cumprimento da actividade, así como unha memoria económica que inclúa unha desagregación dos gastos efectuados e a copia da partida orzamentaria. A non presentación desta memoria implicará o reintegro dos fondos recibidos.

8. XORNADAS DE INTERCAMBIO E PUBLICACIÓN DOS PROXECTOS

O CeTA organizará no primeiro cuadrimestre do curso académico 2007-2008 unhas xornadas de intercambio de experiencias nas que se presentarán os resultados da convocatoria.

Nestas xornadas, aqueles proxectos que a Comisión de Selección considere especialmente relevantes serán presentados polos responsables dos mesmos. Estes proxectos poderán ser incluídos de xeito automático na Convocatoria de dos VI

Premios a Innovación Educativa na Universidade, sempre e cando se cumpran coas condicións establecidas nas súas bases.

Asemade, publicarase na web do CeTA as valoracións das experiencias realizadas. Para elo, cada coordinador responsable comprometerase a presentar, xunto a súa memoria, un resumo valorativo do proxecto para a súa edición. Presentaranse preferentemente en galego, e terán unha extensión mínima de 2 folios e máxima de 5 (DIN A4) a dobre espazo e nunha soa cara.

A presentación a convocatoria implicará a cesión dos dereitos de edición por un período de dous anos así como a renuncia aos dereitos de autor correspondentes a unha primeira edición.

9.- MATERIAIS ELABORADOS NOS PROXECTOS

Os materiais didácticos creados nos proxectos subvencionados deberán estar dispoñibles no Campus Virtual da USC durante un mínimo de tres anos académicos, sen prexuízo das melloras que se poidan realizar nos mesmos.

10. PRESENTACIÓN E CALENDARIO DOS PROXECTOS

Os proxectos presentaranse nos impresos que se axuntan á Convocatoria como anexos, xunto cunha copia da memoria do proxecto presentado.

Segundo a índole dos proxectos e as posibilidades da súa efectiva aplicación, contémpanse dous prazos para a súa execución:

Liña de actuación (A)

1. Curso académico 2006-2007

Liña de actuación (B)

1. Curso académico 2006-2007
2. Curso académico 2007-2008

En todo caso, en cada proxecto deberán constar os seguintes extremos:

1. Datos identificativos do/s profesor/es solicitante/s ou, no seu caso, do Departamento, facultade, escola ou instituto.
2. Materia/s (e plan de estudos ó que pertence) implicada/s no proxecto.
3. Breve memoria do proxecto, xustificativa dos seus obxectivos e viabilidade, con mención expresa dos resultados finais que se perseguen.
4. Orzamento estimado de gastos.
5. Previsión de prazos para a súa posta en marcha e execución.
6. Cando o proxecto comporte o emprego de recursos do Departamento e/ou do Centro, a solicitude deberá acompañarse da conformidade do seu Director/Decano.

7. Experiencia previa en actividades similares por parte dos solicitantes.
8. Necesidades de apoio loxístico.

Non serán necesarios os acordos do Departamento e do Centro no momento da presentación das solicitudes. No caso de que o proxecto sexa aprobado, deberá ser posteriormente ratificado polo Consello de Departamento e a Xunta de Centro.

O prazo de presentación da vixente Convocatoria é do **1 de setembo a 20 de setembro de 2006**.

Os Proxectos deberán ser presentados nos Rexistros da Universidade ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Para participar nesta convocatoria é imprescindible enviar á dirección: ceta@usc.es unha copia en formato electrónico (RTF o PDF) da documentación presentada no Rexistro.

A resolución dos Proxectos aprobados farase pública por medio da web da Universidade

A documentación referida nos puntos 7 e 8 da presente convocatoria deberán ser presentados nos Rexistros da Universidade ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, sendo imprescindible enviar á dirección: ceta@usc.es unha copia dos mesmos en formato electrónico (RTF o PDF) .